



CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

20 MAY. 2024 17:13:55

Entrada **26160**

Sobre a mellora da seguridade vial na N550 en Ordes

Competencia	Competencias de la Cámara
Subcompetencia	Control e información
Tipo Expediente	184-Pregunta al Gobierno con respuesta escrita.

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL
Diputado



Á MESA DO CONGRESO

O deputado do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito ao GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, ao abeiro do establecido no artigo 185 e seguintes do Regulamento do Congreso dos Deputados, formula as seguintes **preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita sobre a perigosidade da N-550 no Concello de Ordes e a adopción de medidas para mellorar a súa seguridade viaria.**

O tramo da N-550 que discorre entre os P.K. 26,8 e 36,9 está considerado como un dos máis perigosos da rede de estradas do Estado. De feito, adoita estar entre as cinco estradas de maior risco da rede viaria estatal. Un tramo que se sitúa por completo dentro do termo municipal de Ordes, desde a rotonda que enlaza a N-550 coa AC-542 en dirección Betanzos, vía de titularidade autonómica no Mesón do Vento, até o límite do centro urbano de Ordes en dirección a Santiago de Compostela.

O domingo 19 de maio houbo que lamentar a morte de dúas persoas nun terríbel accidente no quilómetro 30 da N-550 á altura de Ordes (A Coruña). Os dous condutores dos vehículos, un home de 66 anos e un mozo de 22, ademais doutra moza que resultaba ferida grave, eran veciños da localidade de Ordes.

Os dous coches chocaron frontalmente nunha curva que se caracteriza por un cambio de rasante á altura de Leira, unha zona en que xa se rexistraron máis accidentes graves ademais de saídas de vía.

O traxecto mencionado da N-550 conta cun longo historial de accidentes que fan que poida cualificarse de tramo negro.

CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

20 MAY. 2024 17:13:55

Entrada **26160**



Outro dos puntos que acumula altos índices de sinistralidade é a rotonda que enlaza a N-550 co Polígono Industrial de Merelle que debería ser obxecto de actuacións para acougar o tráfico como foi xa demandado en anteriores iniciativas parlamentarias.

Unha das causas que inflúen na elevada sinistralidade deste tramo é a alta velocidade á que circulan os vehículos na rotonda. Pola súa reducida dimensión, nesta glorieta os automóviles tómana sen frear apenas, especialmente se continúan en dirección A Coruña-Ordes ou viceversa.

Por este motivo, unha das solucións que se propoñen desde a localidade é a reforma da rotonda para aumentar a súa estrutura de forma que para virar os condutores véxanse obrigados a reducir a velocidade de tránsito. Tamén se pode analizar a colocación de sistemas para o acougado do tráfico que chega á rotonda coa instalación de bandas redutoras da velocidade, entre outros sistemas.

Nunha resposta por escrito ao BNG en novembro de 2022, o Ministerio de Transportes reconecía que o citado “tramo está seleccionado como de especial vixilancia (INVIVE)” pero reducía as medidas a controis con radares móbiles e de consumos de alcol. Medias claramente insuficientes que non abordan os problemas estruturais e as deficiencias desta estrada.

No Acordo de investidura co BNG, inclúese a realización dun plan plurianual para emprender actuacións urxentes en varias estradas de titularidade estatal, entre elas a N-550, priorizándose a realización dun estudo sobre a súa seguridade viaria.

Polos motivos expostos, o BNG formula as seguintes preguntas ao Goberno:

1. Que medidas vai adoptar o Ministerio para reducir o perigo e a alta sinistralidade que se rexistra no citado tramo da N-550 do Concello de Ordes?
2. Ten coñecemento do último e tráxico accidente producido no quilómetro 30 á altura de Leira onde desgraciadamente morreron dúas persoas e outra resultou ferida grave?



3. Non cre que xa é hora de levar a cabo actuacións para a mellora da seguridade viaria neste traxecto? En caso afirmativo, Cando podería aprobar as melloras que necesita esta estrada?
4. Que disposición ten o Ministerio de Transportes, Movilidad e Axenda Urbana a emprender obras para o acougado do tráfico na rotonda que enlaza a N-550 co Polígono Industrial de Merelle e coa AC-409?

Madrid, a 20 de maio de 2024

Néstor Rego Candamil

Deputado do BNG no Congreso



A LA MESA DEL CONGRESO

El diputado del **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito al GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, al amparo de lo establecido en el artículo 185 y siguientes del Reglamento de los Diputados, formula las siguientes **preguntas dirigidas al Gobierno para su respuesta escrita sobre la peligrosidad de la N-550 en el Concello de Ordes y la adopción de medidas para mejorar su seguridad vial.**

El tramo de la N-550 que discurre entre los P.K. 26,8 y 36,9 está considerado como uno de los más peligrosos de la red de carreteras del Estado. De hecho, suele estar entre las cinco carreteras de mayor riesgo de la red viaria estatal. Un tramo que se sitúa por completo dentro del término municipal de Ordes, desde la rotonda que enlaza la N-550 con la AC-542 en dirección Betanzos, vía de titularidad autonómica en O Mesón do Vento, hasta el límite del casco urbano de Ordes en dirección a Santiago de Compostela.

El domingo 19 de mayo hubo que lamentar la muerte de dos personas en un terrible accidente en el kilómetro 30 de la N-550 a la altura de Ordes (A Coruña). Los dos conductores de los vehículos, un hombre de 66 años y un joven de 22, además de otra joven que resultaba herida grave, eran vecinos de la localidad de Ordes.

Los dos coches chocaron frontalmente en una curva que se caracteriza por un cambio de rasante a la altura de Leira, una zona en que ya se han registrado más accidentes graves además de salidas de vía.

El trayecto mencionado de la N-550 cuenta con un largo historial de accidentes que hacen que pueda calificarse de tramo negro.



Otro de los puntos que acumula altos índices de siniestralidad es la rotonda que enlaza la N-550 con el Polígono Industrial de Merelle que debería ser objeto de actuaciones para calmar el tráfico como ha sido ya demandado en anteriores iniciativas parlamentarias.

Una de las causas que influyen en la elevada siniestralidad de este tramo es la alta velocidad a la que circulan los vehículos en la rotonda. Por su reducida dimensión, en esta glorieta los automóviles la toman sin frenar apenas, especialmente si continúan en dirección A Coruña-Ordes o viceversa.

Por este motivo, una de las soluciones que se proponen desde la localidad es la reforma de la rotonda para aumentar su estructura de forma que para girar los conductores se vean obligados a reducir la velocidad de tránsito. También se puede analizar la colocación de sistemas para el calmado del tráfico que llega a la rotonda con la instalación de bandas reductoras de la velocidad, entre otros sistemas.

En una respuesta por escrito al BNG en noviembre de 2022, el Ministerio de Transportes reconocía que dicho “tramo está seleccionado como de especial vigilancia (INVIVE)” pero reducía las medidas a controles con radares móviles y de consumos de alcohol. Medidas claramente insuficientes que no abordan los problemas estructurales y las deficiencias de este vial.

En el Acuerdo de investidura con el BNG, se incluye la realización de un plan plurianual para emprender actuaciones urgentes en varias carreteras de titularidad estatal, entre ellas la N-550, priorizándose la realización de un estudio sobre su seguridad vial.

Por los motivos expuestos, el BNG formula las siguientes preguntas al Gobierno:

1. ¿Qué medidas va a adoptar el Ministerio para reducir la peligrosidad y la alta siniestralidad que se registra en el citado tramo de la N-550 del Concello de Ordes?



2. ¿Tiene conocimiento del último y trágico accidente producido en el kilómetro 30 a la altura de Leira dónde desgraciadamente han muerto dos personas y otra ha resultado herida grave?
3. ¿No cree que ya es hora de llevar a cabo actuaciones para la mejora de la seguridad vial en este trayecto? En caso afirmativo, ¿Cuándo podría aprobar las mejoras que necesita esta carretera?
4. ¿Qué disposición tiene el Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana a emprender obras para el calmado del tráfico en la rotonda que enlaza la N-550 con el Polígono Industrial de Merelle y con la AC-409?

Madrid, a 20 de mayo de 2024

Néstor Rego Candamil

Diputado del BNG en el Congreso